

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE SADA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NUN CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Oscar Benito Portela Fernández, alcalde-presidente do Concello de Sada, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

I.- Que con data do 27 de xullo de 2021 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asinou un convenio de colaboración co Concello de Sada para a xestión dos comedores escolares nos centros educativos CEIP Sada y sus Contornos e CEIP Pedro Barrié de la Maza, con vixencia para os cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023.

Nesta addenda o Concello de Sada solicita xestionar só o comedor escolar do CEIP Sada y sus Contornos.

II.- Que tendo en conta os bos resultados acadados, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera de interese público dar continuidade á colaboración iniciada, no seu día, co Concello de Sada, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.



III.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para os cursos escolares 2023/2024 e 2024/2025.

IV.- Que a cláusula décimo cuarta do citado convenio regula a súa vixencia, dispoñendo que estará vixente ao longo dos cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023, podendo acordarse, de xeito expreso, polas partes asinantes, antes da súa finalización, a súa prórroga por cursos escolares, cunha duración máxima de catro anos, ao abeiro do disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co todo anterior, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Sada, conscientes da importancia que para moitas familias do concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración para a xestión do comedor escolar no centro educativo CEIP Sada y sus Contornos para un total de 70 usuarios máximos autorizados previstos, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 27 de xullo de 2021 durante os cursos escolares 2023/2024 e 2024/2025.

Segunda.- Financiamento da consellería

A consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar no centro educativo CEIP Sada y sus Contornos, mediante unha achega económica de 54.824,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 10.01.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2023: 8.778,00 €

Ano 2024: 27.412,00 €

Ano 2025: 18.634,00 €



Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para os cursos escolares 2023/2024 e 2024/2025 do financiamento establecido na cláusula segunda desta addenda.

En proba de conformidade, asínase esta addenda na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

O alcalde presidente do Concello de Sada

Oscar Benito Portela Fernández

